

Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

# INFORME DE ACTIVIDADES DA REDE EUSUMO

ANO 2024





# CONTIDOS

- 01 A ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA
- 02 A REDE EUSUMO
- 03 AXUDAS E CONVENIOS
- 04 DESTACADOS
- 05 RESUMO DE RESULTADOS

# A ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA

“Conxunto de actividades económicas e empresariais que, no ámbito privado, levan a cabo entidades que perseguen, ou ben o interese colectivo das persoas que as integran, ou ben o interese xeral económico ou social, ou ambos, mostrándose día a día como un actor fundamental no desenvolvemento da sociedade actual.”

A economía social en Galicia está regulada pola Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia.

## Forman parte da economía social de Galicia:

- AS SOCIEDADES COOPERATIVAS
- AS SOCIEDADES LABORAIS
- OS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO
- AS EMPRESAS DE INSERCIÓN
- AS FUNDACIÓNS E AS ASOCIACIÓNS que levan a cabo actividade económica
- AS SOCIEDADES AGRARIAS DE TRANSFORMACIÓN
- AS COMUNIDADES E MANCOMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN
- AS CONFRARÍAS DE PESCADORES
- AS MUTUALIDADES

# A ECONOMÍA SOCIAL GALEGA EN CIFRAS 2024



# COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS EN CIFRAS 2024

## COOPERATIVAS

**1.949** activas

**192** foron constituídas

**151**

constituídas con **2** persoas socias



**41**

constituídas con **3** ou máis persoas socias



**por 591** persoas socias promotoras



**53,64 %**

homes



**44,66 %**

mulleres



**1,70 %**

persoas xurídicas

## SOCIEDADES LABORAIS

**1.471** activas

**78** foron constituídas

**57**

constituídas con **2** persoas socias



**21**

constituídas con **3** ou máis persoas socias



**por 177** persoas socias promotoras



**63,28 %**

homes



**36,72 %**

mulleres



## A REDE EUSUMO



## QUE É?

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Xunta de Galicia para o fomento e o desenvolvemento da economía social creada en 2012.

## OBXECTIVOS

- 01** Fomentar o espírito emprendedor a través da economía social.
- 02** Prestar apoio directo á creación e á consolidación de emprego con base na economía social.
- 03** Impulsar o modelo empresarial no ámbito local.

# QUEN FORMA PARTE DESTA REDE?

105 entidades socias



\* As entidades co convenio anterior ao ano 2018 e que non teñan asinado o convenio adaptado á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, perderon a súa condición de socios da Rede Eusumo. No caso de estar interesadas na pertenza á rede deberán volver a solicitar a súa adhesión.

# QUE SE FAI DESDE A REDE?




ASESORAMIENTO E  
ACOMPANÑAMENTO



FORMACIÓN



ACTIVIDADES  
DIVULGATIVAS



COMUNICACIÓN E  
DOCUMENTACIÓN



# 1. Asesoramento e acompañamento

A Rede Eusumo ten un compromiso coas persoas emprendedoras que apostan pola economía social.

Neste sentido a Rede:

- Traballa na maduración de ideas e modelos de negocio de economía social
- Asesora e acompaña proxectos de economía social
- Impulsa o salto de escala en empresas de economía social





# 1. Asesoramento e acompañamento

29

## Entidades da economía social constituídas

1. 15CERO11, S. COOP. GALEGA.
2. CERA DE COLORES, S. COOP. GALEGA
3. MADA PRODUCIÓNS, S. COOP. GALEGA
4. CAORDIC, S. COOP. GALEGA.
5. TERRA AUDIOVISUAL, S. COOP. GALEGA XUVENIL
6. ARRIBA PEQUE, S. COOP. GALEGA
7. EMERXE, S. COOP. GALEGA XUVENIL
8. A CASA DE LOLA, S. COOP. GALEGA
9. AVELAÍÑAS, S. COOP. GALEGA
10. ALNUE AUTOLUX, S. COOP. GALEGA
11. DUMBRICOS, S. COOP. GALEGA
12. FINIS TERRAE, S. COOP. GALEGA
13. MONTAUGA, S. COOP. GALEGA
14. OBRAS DE PRECISIÓN GALICIA, S. COOP. GALEGA
15. EGALITARIA, S. COOP. GALEGA
16. KESSEL HAIR WELLNESS, S. COOP. GALEGA
17. MECANIGAL, S. COOP. GALEGA
18. LLOBARTEX, S. COOP. GALEGA
19. APPLE GANG, S. COOP. GALEGA
20. FERMOSE LOGOPEDIA, S. COOP. GALEGA
21. PARADOXO, S. COOP. GALEGA
22. ALAS RAÍCES, S. COOP. GALEGA
23. TERRA PATAGONIA, S. COOP. GALEGA
24. ÁLCALIS STUDIO, S. COOP. GALEGA
25. XINEGAL, S. COOP. GALEGA
26. INMOBLES DIXITAI, S. COOP. GALEGA
27. GALICEX, S. COOP. GALEGA
28. AWEN FUTBOL S. COOP. GALEGA
29. LLOBAR COOPERATIVA, S. COOP. GALEGA



## 2. Formación

A Rede Eusumo procura a formación en economía social para mellorar as capacidades técnicas do persoal das entidades do sector e así favorecer a súa competitividade.

Neste sentido conta cun amplo catálogo formativo que combina a formación presencial, en liña e semipresencial en materias como:

- Xestión de proxectos
- Internacionalización
- Ferramentas dixitais
- Marketing dixital
- Contabilidade
- Comunicación
- Xestión de equipos
- ...






### 3. Actividades divulgativas

No seu labor de fomento da economía social en Galicia, a **Rede impulsa actividades de difusión, promoción dos seus valores e divulgación das oportunidades de emprendemento que ofrece este sector.**

Ademais, a Rede Eusumo traballa na promoción da economía social entre persoal docente, axentes de emprego e de emprendemento e outros colectivos interesados.

Outras das actividades promovidas son as vinculadas coa divulgación da economía social e os seus valores nos centros educativos e formativos de Galicia, tanto de educación primaria como universitaria e de formación profesional.





## 4. Comunicación e documentación

A comunicación da economía social é un dos obxectivos centrais da Rede Eusumo. Ademais da **difusión a través das redes sociais, trabállase na xeración de recursos e contidos didácticos, informativos e audiovisuais para promover e dar a coñecer a economía social.**

Así mesmo, este ano estreamos a noso propio boletín informativo, no cal se inclúen as novidades máis recentes, desde convocatorias de axudas, ata entrevistas, actividades divulgativas realizadas e diversos eventos, premios e certames de economía social así como actividades formativas, tanto en modalidade presencial coma en liña, que se atopan activas.

### Redes sociais

**16.202**  
seguidores

**1.390**  
publicacións

**158.852**  
Impresións e  
visualizacións

### Boletín informativo

**1.273**  
Persoas subscritas

**50**  
publicacións

AXUDAS

# ECONOMÍA SOCIAL DE GALICIA



A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración fomenta a economía social a través de diversos apoios económicos, dirixidos fundamentalmente á posta en marcha, funcionamento e creación de emprego en cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción, así como á realización de actividades de promoción e impulso do cooperativismo e da economía social levadas a cabo por entidades colaboradoras da Rede Eusumo.

# AXUDAS PARA O FOMENTO DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA

## REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL POLAS ENTIDADES COLABORADORAS DA REDE (DOG 24/01/2024)

Estas axudas están orientadas a fomentar a realización de actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social por parte das entidades socias da Rede Eusumo.

**Crédito da convocatoria:**  
**690.000,00 €**

solicitudes presentadas: 26  
solicitudes aprobadas: 20  
Importe concedido: 644.988,87 €

## APOIO ÁS ENTIDADES ASOCIATIVAS DA ECONOMÍA SOCIAL (DOG 24/01/2024)

Establecer as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións destinadas a sufragar os gastos de organización interna e funcionamento de entidades representativas da economía social.

**Crédito da convocatoria**  
**330.000,00 €**

solicitudes presentadas: 7  
solicitudes aprobadas: 7  
Importe concedido: 330.000 €

# AXUDAS PARA O FOMENTO DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA

## PROGRAMA APROL ECONOMÍA SOCIAL (DOG 01/02/2024)

É o principal instrumento regulador de subvencións dirixidas ao emprego e ao emprendemento colectivo en cooperativas e sociedades laborais.

**Crédito da convocatoria**  
**Ampliado 5.966.000,00 €**

solicitudes presentadas: 622  
solicitudes aprobadas: 553  
Importe concedido: 5.966.500 €

## BONO CONSOLIDA ENTIDADES DE ECONOMÍA SOCIAL (DOG 24/01/2024)

Apoiar a consolidación das entidades da economía social e reforzar a súa presenza no tecido económico de Galicia co fin de incrementar a competitividade e manter empregos de calidade.

**Crédito da convocatoria**  
**2.730.000,00 €**

solicitudes presentadas: 273  
solicitudes aprobadas: 159  
Importe concedido: 2.370.000 €

## PROGRAMA ES-TRANSFORMA EN COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS (DOG 10/06/2024)

Este programa está orientado a apoiar á transformación en cooperativas ou sociedades laborais dos negocios sen relevo xeracional, de todo tipo de sociedades e das persoas traballadoras autónomas, que xa estiveran a exercer unha actividade económica.

**Crédito da convocatoria:**  
**2.370.000,00 €**

solicitudes presentadas: 129  
solicitudes aprobadas: 60  
Importe concedido: 2.370.000 €

# CONVENIOS PARA O FOMENTO DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A USC

Ten como prioridade a realización de actividades do Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP) durante o ano 2024.

**Importe:**  
**25.000,00 €**



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E O FORO POLA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA.

O seu obxectivo é aumetar a visibilización e o fomento da participación da economía social galega durante o ano 2024.

**Importe:**  
**60.000,00 €**



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A USC.

Vela pola creación do portal estatístico da economía social galega (GALESTAT) a través do Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP) durante o ano 2024.

**Importe:**  
**10.000,00 €**

# DESTACADOS NA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA 2024

1. CONGRESO NACIONAL SOBRE O FOMENTO DA ECONOMÍA SOCIAL.
2. DÍA DO COOPERATIVISMO GALEGO.
3. CERTAME DO COOPERATIVISMO NO ENSINO.
4. PREMIOS Á COOPERACIÓN.
5. JORNADA DE PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA POCTEP ES-FACTORY.
6. CAMPUS EN LIÑA REDE EUSUMO.



# DESTACADOS NA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA 2024

## 1. CONGRESO NACIONAL SOBRE FOMENTO DA ECONOMÍA SOCIAL

A directora xeral Marta Mariño participou no Congreso Nacional sobre Fomento da Economía Social, celebrado en Valencia o 26 de setembro de 2024, centrado en políticas públicas e instrumentos fiscais.

Presentou a II Estratexia Galega de Economía Social Horizonte 2027, coa que a Xunta busca crear 4.000 empregos, 400 novas entidades e impulsar os sectores verde, sostible, industrial, tecnolóxico e dixital. Entre as medidas destacan a posta en marcha dun campus formativo para capacitar axentes e persoal de xestión, e a revisión normativa para facilitar a creación de entidades.

O obxectivo é reforzar a competitividade e o crecemento da economía social, apoiando o relevo xeracional, a innovación e o uso das novas tecnoloxías.



# DESTACADOS NA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA 2024

## 2. DÍA DO COOPERATIVISMO GALEGO

O 6 de xulio de 2024 celebrouse en Nigrán no C.P.R Plurilingüe, o Día do Cooperativismo Galego *baixo o lema "As cooperativas constrúen un futuro mellor para as persoas"*.

No propio acto participou o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, neste mesmo día fixéronse entrega dos **Premios dos Certame do cooperativismo no Ensino** e entregáronse os galardóns dos **Premios á Cooperación 2024**.



# DESTACADOS NA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA 2024

## 3. CERTAME DO COOPERATIVISMO NO ENSINO

Como cada ano, o obxectivo deste programa é difundir e promover o cooperativismo entre o alumnado dos centros de educación infantil, primaria, secundaria, educación especial, formación profesional e ensinanzas de réxime especial de Galicia, impulsando a realización de actividades de fomento do cooperativismo nos centros educativos.

Entre as modalidades de participación distínguense tres:

- **Actividades artísticas:** dirixidas ao alumnado de educación infantil e primaria.
- **Actividades cooperativizadas:** dirixidas ao alumnado de educación secundaria obrigatoria.
- **Proxectos empresariais cooperativos:** dirixidas ao alumnado de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial.



Premiados no Certame Cooperativismo no Ensino 2024 | Día do Cooperativismo 2024

# DESTACADOS NA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA 2024

## 4. PREMIOS Á COOPERACIÓN

Entre os premiados do 2024, atópanse:

A **categoría de valores cooperativos** o premio aos valores cooperativos outórgase á viguesa "*Consumo Consciente Árbore*", un proxecto de economía solidaria que agrupa a persoas consumidoras que, en réxime de socias cooperativistas, teñen acceso a produtos ecolóxicos, locais e de comercio xusto..

O galardón ao **mellor proxecto cooperativo** foi para mellor cooperativa nova recoñécese a viguesa "*A Morada Nosa*", que ofrece ás mulleres un espazo de encontro e lecer, destinado tamén ao asesoramento e á formación.

Na categoría á **mellor traxectoria cooperativa**, o premio este ano recoñece o traballo da cooperativa "*A Carqueixa*", dos Ancares, centrada na produción baixo o selo de calidade de Terneira Gallega Suprema.



# DESTACADOS NA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA 2024

## 5. JORNADA DE PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA POCTEP ES-FACTORY

O secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández, e a directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, Marta Mariño, participaron na xornada de presentación do proxecto Es-Factory, celebrada o pasado 3 de xullo de 2024 na cidade de Vigo, unha rede de aceleradoras de economía social.

O proxecto busca impulsar e consolidar empresas en novas actividades emerxentes en Galicia e no norte de Portugal, liderado pola Xunta de Galicia. **Destacouse a importancia da cooperación transfronteiriza para promover mellores prácticas na economía social.**

Pablo Fernández destacou o compromiso do Goberno galego coa profesionalización do emprendemento e a captación de talento no marco do proxecto Es-Factory, aprobado no programa Interreg POCTEP 2021-2027 e liderado pola Xunta. A iniciativa, con socios de Galicia e norte de Portugal, busca impulsar a economía social, promover a cooperación transfronteiriza e fomentar a igualdade e a inclusión ata 2026.



# DESTACADOS NA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA 2024

## 6. CAMPUS EN LIÑA REDE EUSUMO

A Rede Eusumo pon a disposición das persoas que queiran coñecer e formarse en cooperativismo e economía social, cursos en liña totalmente gratuítos. A modalidade de teleformación está pensada para facilitar ao alumnado o seguimento dos cursos xa que non teñen horarios ríxidos, nin esixe apenas desprazamentos. Cóntase cunha titorización personalizada que acompaña o proceso formativo. Os períodos establecidos son amplos e suficientes para poder abordar a materia, aínda en períodos de moita carga de traballo e pouca dispoñibilidade para a formación.

XUNTA DE GALICIA

MINISTERIO DE EMPLEO SOCIAL SEPE

eusumo

Campus en liña da Rede Eusumo

Campus en liña eusumo

Este portal é o espazo destinado a ofertar as accións formativas organizadas pola Rede Eusumo e as súas entidades socias e cuxo obxectivo é formar ás persoas que se encontran nun proceso de emprendemento ou consolidación dun proxecto de economía social.

Cursos disponibles

## Campus en liña Rede Eusumo

# RESUMO DE RESULTADOS DO ANO 2024

## A ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA



## REDE EUSUMO



## AXUDAS e CONVENIOS

**11.661.488,87€**

Orzamento concedido

**95.000,00 €**

Convenios

## DESTACADOS

- ❖ CONGRESO NACIONAL SOBRE FOMANTO DA ECONOMÍA SOCIAL.
- ❖ DÍA DO COOPERATIVISMO GALEGO.
- ❖ CERTAME DO COOPERATIVISMO NO ENSINO.
- ❖ PREMIOS Á COOPERACIÓN.
- ❖ JORNADA DE PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA POCTEP ES-FACTORY.
- ❖ CAMPUS EN LIÑA REDE EUSUMO.



[www.eusumo.gal](http://www.eusumo.gal)

[info@eusumo.gal](mailto:info@eusumo.gal)

610 17 43 89

